

Fron da

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 58

ano 9

maio-xuño 2015

Franciscanos e clarisas en Ourense (II) VIDA INTRAMUROS

Entre a documentación das casas masculinas da Orde Franciscana conservada no Arquivo Histórico Provincial atópanse cinco **libros de gastos e ingresos**, tres do convento do Bo Xesús de Trandeiras (Xinzo de Limia) e un do convento da cidade de Ourense. Tamén coñecidos como libros de caixa, libros de gasto e recibo, etc., son un tipo contabilidade frecuente nos fondos das ordes relixiosas. Ofrecen unha información moi interesante e detallada para coñecer, entre outras cousas, a vida cotiá das comunidades do clero regular e, en particular, a **vida intramuros**, a que se desenvolve dentro do convento.


Os capítulos de **gasto** son os que máis datos achegan sobre o modo de vida: dieta alimenticia, vestido, calzado, etc. Entre eles, a partida máis importante era a dedicada a alimentación e, aínda que os franciscanos eran unha orde austera, estas contas presentan unha **dieta** rica e variada, similar á do clero monástico e á doutros grupos sociais privilexiados. Entre as **carnes** preferían a de vaca, aínda que tamén compraban cabritos, porcinos, polos e galiñas, estas últimas para os enfermos. Nos meses de Advento e Coresma a prohibición de comer carne convertía o **peixe** (fresco, seco ou en escabeche) no protagonista da dieta. Nestes libros rexístrase a compra de bacallao, pescada, congrio, sardiñas e polbo, entre os mariños, e troitas, zamborcas e anguías entre os de río.

A dieta complementábase con ovos, garavanzos, fabas, pementos, cebolas, froitos secos (figos, noces e pasas) e produtos lácteos como o queixo. As comidas acompañábanse con **pan de trigo** e **viño** e aínda que non consta a forma de elaborar os alimentos, si se consigna a compra de ingredientes necesarios para cociñalos: **farriña** de trigo, **aceite**, **especies** (pementa, anís, azafrán, cravo, canela ...) e **sal**. As compras de cacao e a contratación dun chocolateiro para que llo elabore, así como os gastos en distintos doces evidencian a debilitade dos frades polo **chocolate** e outras larpeiradas, aínda que se presenten estes alimentos como reconstituíntes para os enfermos.

Os gastos en **tabaco**, correos, botica, así como os pagos de salarios á lavandeira, ao xastre, ao barbeiro, aos criados, etc. tamén informan doutros aspectos da

vida cotiá destas comunidades relixiosas.


Por outra banda, a partir dos **ingresos** que anotaban nestes libros tamén podemos coñecer outros aspectos da vida cotiá intramuros, como a celebración de **misas** de encargo ou a **venta de hábitos** para amortallar. Para máis detalles sobre as **actividades litúrxicas** dos franciscanos conservamos tamén libros de contabilidade específicos nos que, ademais dos ingresos, se anota o tipo de celebración (misa cantada ou rezada, oficios) e no caso das de defuntos o nome e procedencia da persoa a quen se lle aplica.



1789, [maio] / 1835, setembro, 11. [Ourense]
Libro de contas de gastos do convento de San Francisco de Ourense.
Orixinal; papel; escritura humanística; castelán; 21 x 29 cm.
AHPou. Convento de San Francisco de Ourense, Libro 521, f. 256 v.

O convento portas dentro

San Francisco definía o convento como unha “familia espiritual”, un espazo de convivencia e acción eclesial, onde os frades debían dedicarse á oración, ao culto divino e ao labor pastoral. As dependencias conventuais compoñíanse dunha serie de espazos con usos específicos: a **igrexia**, destinada á celebración de actos litúrxicos e a lugar de enterramento, ten anexos a **sancristía** e o **claustro** no que os irmáns pasean e meditan inspirándose en lecturas piadosas.



Inventario dos bens do Convento de San Francisco de Ourense do ano 1835 procedente dun expediente da Desamortización. AHPOU. Delegación Provincial do Ministerio de Facenda en Ourense, C. 10258.

En torno ao claustro sitúanse o **refectorio** e a **sala capitular** onde a comunidade se reúne, respectivamente, para comer e para tomar decisións. Contiguas ao refectorio atópanse a **cociña**, a **despensa** e as **adegas**, abastecidas, en parte, con produtos procedentes da **horta** situada na parte traseira do convento. Na **biblioteca** os frades estudan e na **enfermaría** e **hospedería** cumpren coa súa función asistencial de atender a pobres, peregrinos e enfermos. O único espazo íntimo de cada relixioso é a súa **cela**, lugar no que dormen, gardan algunhas pertenzas e reciben visitas.

A xornada diaria da “vida regular”

As comunidades do clero regular réxense pola “regula” ou **regra** redactada polo fundador da orde, unha norma que organiza a vida dos frades e reparte as responsabilidades de cada un. Segundo a **Regra Franciscana**, a comunidade conventual está suxeita á autoridade dun superior ou **gardián**, asesorado por un grupo de

frades (**discretos**). Os **confesores**, dispensan a confesión aos restantes irmáns, pero tamén a cregos e veciños dos lugares nos que se empraza o convento. Os **lectores** ensinan Teoloxía ao resto dos irmáns, o **procurador** ocúpase dos asuntos económicos e da representación xurídica, e os **frades esmoleiros** mendigan (mendicantes) produtos básicos para o sustento da comunidade. Por último, o **sancristán** encárgase do bo funcionamento da actividade litúrxica.

A xornada de cada frade comezaba ás catro da mañá (**hora prima**) co aseo e a celebración dunha **misa** acompañado dun acólito. Despois dun tempo para a **oración** iniciaban o seu traballo ás sete, segundo as responsabilidades de cada un. Durante a mañá tamén celebran un rezo coral (**horas menores**) e a misa conventual, ao que seguen unha hora de **estudo** e lectura espiritual en común. A **comida** faise en silencio pero acompañada de lectura, e, ao rematar, os frades dispoñen dun tempo de descanso. Xa pola tarde recitan as **vésperas** e **completas**, continúan traballando segundo as funcións de cada un e rematan a xornada cos oficios de **matíns** e **laudes**.

Os inventarios da Desamortización

Os abundantes expedientes xerados durante a **Desamortización** do século XIX informan dos avatares do patrimonio franciscano despois de 1835, pero tamén achegan datos que nos axudan a reconstruír a vida conventual antes do proceso desamortizador. Os documentos máis útiles son os inventarios de bens que se realizaron dentro dos conventos en 1835, inmediatamente despois da exclaustación dos frades. A partir deles é posible coñecer con detalle como se organizaban os espazos nos que transcorría a vida do convento e o mobiliario e efectos que había na igrexa, nos claustros, nas celas baleiras e demais dependencias.

A enumeración de todos e cada un dos libros da **biblioteca** dan idea do arsenal de saber no que os frades se fornecían para as súas prédicas. O inventario da **igrexia** enumera cada unha das vestimentas, ornamentos e obxectos litúrxicos, candeiros, crucifixos, tallas de santos, órgano, cadeirado do coro e retablos dos distintos altares e capelas.

Na **enfermaría** e **hospedería** cítanse mantas, sabas e colchóns; na **cociña**, **refectorio** e **adegas** atópanse potes, tixolas, xerras, morteiros, chocolateiras, grellas, báscula, pipas e cubas de viño, pratos, manteis e demais enxoval propio destes espazos. Tamén se enumeran as **existencias** que fican nas adegas (cereal, patacas, lacóns, touciño ...) e mesmo os **animais** que sobrevivían nas cortes do convento (mulas, porcos, ovellas e carneiros).

En definitiva, estes inventarios ofrecen unha detallada descrición do interior conventual que convida a imaxinar os ambientes nos que transcorrían os distintos momentos do día na vida cotiá dun franciscano.